

PREDICIÓN METEOROLÓXICA

¡¡¡¡Atención, atención!!!! Chegou o verán e o home do tempo ten tanto traballo que liou a información para esta semana. Axúdalle a xuntar as imaxes co texto que lle corresponde. Arrastra.

LUNS. Comezaremos a semana cun día moi **solleiro**.

MARTES. **Cubrirase o ceo**, aínda que teremos algunhas **raíolas**.

MÉRCORES. Pola tardiña chegará unha forte **tronada** con **lóstregos**.

XOVES. Un **trebón** deixaranos unha **chaparrada** pola mañá e **sarabia** a mediodía.

VENRES. Mellora o tempo pero aínda teremos polo día un continuo **orballo** ou **poalleira**.

SÁBADO. O **arco da vella** aparecerá no ceo.

DOMINGO. Agardamos **ventadas** nas zonas costeiras.

